



## **R, patrocinador do Círculo de Empresarios de Galicia para seguir avanzando xuntos en innovación e adaptación á era dixital**

- ***O acordo constitúe outro fito no percorrido iniciado hai anos polas dúas entidades co propósito de desenvolver actividades de valor engadido para o tecido empresarial galego.***
- ***A presidenta do Círculo de Empresarios de Galicia e o director corporativo Empresas de R asinaron esta mañá o convenio nas oficinas do operador galego.***
- ***Poranse en marcha novas sesións dos ‘almorzos R’, a cuarta edición do foro empresarial de Ciberseguridade, unha xornada sobre temas económicos e tecnolóxicos estratéxicos para o futuro de Galicia e un ciclo sobre as mulleres na empresa actual.***

**Martes, 23 de marzo de 2021.**- Patricia García González, presidenta do Círculo de Empresarios de Galicia, e Isidro Fernández de la Calle, director corporativo Empresas de R e do Grupo Euskaltel asinaron esta mañá, na sede do operador galego na Coruña, a renovación do acordo que converte a R en “patrocinador institucional protagonista” do Círculo.

O novo convenio ratifica o compromiso con Galicia da entidade empresarial e máis de R, e a súa confianza mutua ao lles dar continuidade ás vías de colaboración abertas dende hai anos para potenciar conxuntamente iniciativas que xeren valor no tecido empresarial galego e que favorezan o desenvolvemento económico da comunidade.

Ao fío da conxuntura extraordinaria xerada pola pandemia, o programa de actividades e os proxectos que desenvolverán **R** e máis o Círculo este ano aplicarán todas as medidas de seguridade requiridas e adaptarán os formatos das devanditas accións ás necesidades actuais, aproveitando en todo momento as oportunidades e vantaxes que ofrece a contorna dixital. E así, haberá encontros presenciais, actividades virtuais (*online*) e eventos que combinarán a interacción en ambas as dúas modalidades.

**Patricia García** destacou que o acordo deste ano *“ten máis sentido que nunca, pois esta crise tennos abocado a acelerar a dixitalización das empresas, e mesmo das familias, pero quedan algúns ocos, sobre todo en materia de seguridade, que cómpre cubrir”*. A presidenta do Círculo lembrou, ademais, que unha parte importante dos fondos europeos *Next Generation* deben ser destinados precisamente a este obxectivo de transformación dixital, en aras dun novo modelo económico. *“Iniciativas como este convenio son vitais para o coñecemento e difusión de factores que agora pasan a ser clave na estratexia das empresas”*.

**Isidro Fernández de la Calle** considera *“esencial manter viva a colaboración entre R e o Círculo, unha alianza colaborativa que xa ten un percorrido do cal nos sentimos moi orgullosos. Basicamente porque mantemos intacto o espírito compartido de axuda á contorna empresarial galega con iniciativas de valor, proxectos formativos e asesoramento que redundan, sempre, no desenvolvemento de calquera empresa ou negocio e, ao final, da nosa economía e da nosa sociedade”*.

## **almorzos R para seguir dixitalizando as empresas galegas co acento na ciberseguridade**

**R** e o Círculo organizarán conxuntamente catro encontros empresariais -dirixidos a empresarios/as e executivos/as- e conducidos por un/a invitado/a referente na súa actividade que compartirá a súa experiencia e coñecemento co auditorio para tentar mellorar o modelo de negocio das empresas galegas, adaptándose aos cambios no mundo dixital e tecnolóxico.

O programa orientarase basicamente á **innovación e á transformación** e estudaranse temas clave no contexto actual nos que convén profundar, pois só algunhas empresas estanos implementando na súa estratexia dixital. Falamos de realidade aumentada, realidade virtual, *chatbots*, Internet das Cousas (IoT), *Big Data*, *blockchain*, ciberseguridade...

Precisamente pola relevancia de todo o relacionado co tema da seguridade nas contornas dixitais, a **participación de R na 4ª edición do Foro de Ciberseguridade do Círculo** será especialmente relevante. No encontro analizarase con detalle o contexto en que se moven as empresas na actualidade, os riscos que corren na rede e a necesaria concienciación e cambios que debe experimentar a organización dunha maneira transversal para enfrontarse e protexerse na nova conxuntura.

## **o futuro das empresas e o papel das mulleres**

**R** será novamente protagonista nunha xornada dedicada aos **principais retos e tendencias da economía e os mercados globais**, no marco deste novo convenio asinado co Círculo. Neste caso a idea é recalar en asuntos de gran proxección a día de hoxe, vinculados aos retos económicos aos que nos enfrontamos e ás tendencias internacionais nestes ámbitos.

Ademais, o operador galego colaborará institucionalmente nun ciclo de encontros enmarcados no programa **“As mulleres na empresa actual”** dedicados a iniciativas de igualdade de xénero na empresa: **“A muller, no centro do cambio empresarial”**, **“O papel das mulleres na actividade empresarial, un alicerce de presente e de futuro”**, **“Mulleres directivas e emprendedoras”**, **“Mulleres no ecosistema emprendedor tecnolóxico”**, **“Inspirando casos de éxito en diversidade de xénero”** e **“Mulleres tecnolóxicas: o reto do STEAM”**.

### **sobre o Círculo de Empresarios de Galicia**

*Punto de encontro de directivas/vos, empresarias/os e profesionais e foco central de negocios en Galicia, con especial incidencia en Vigo e a súa área metropolitana, o Círculo defendeu dende a súa creación os intereses das mulleres e os homes de empresa, contribuíndo ao desenvolvemento económico de Galicia e do norte de Portugal. Para iso pon en marcha iniciativas a prol da mellora da competitividade empresarial no seu ámbito, de investimentos para desenvolver a actividade das empresas e do intercambio de experiencias e a difusión de análises socioeconómicas e novas tendencias. Tamén desenvolve un marco activo de relacións empresariais como instrumento de acceso a novas oportunidades de negocio e panca de colaboración entre empresarias/os para potenciar o sector no sur de Galicia.*

### **sobre R**

*R é o operador de telecomunicacións de Galicia que, xunto con Euskaltel, Telecable e Virgin Telco, forma parte do Grupo Euskaltel. O operador galego ofrece servizos avanzados de internet de alta velocidade (ata 500 megas), televisión dixital e telefonía fixa e móbil, e dende hai anos é a opción preferida nos fogares e empresas galegas alí onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. R investiu ata o momento 1.300 millóns de euros neste proxecto para Galicia, onde xa está presente en máis de 140 municipios nos que presta servizo a arredor de 260.000 clientes entre residenciais e empresas. ([R.gal](http://R.gal))*

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)

